

DULCE M^a GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2019, aprobou o Regulamento de espazos de aparcamento restrinxido nos campus da USC, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V^o e Prace do sr. reitor.

V^o e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

REGULAMENTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE O USO DOS ESPAZOS DE APARCAMENTO RESTRINXIDO NOS CAMPUS DA UNIVERSIDADE

Nos últimos tempos estase vivindo con preocupación a saturación dos espazos de aparcamento nos campus da Universidade de Santiago de Compostela. A pesar de que nos últimos meses se puxeron en marcha novos recintos, a falta de prazas é crónica. Esta escaseza de prazas provoca o uso indebido dos espazos reservados a persoas con discapacidade e a invasión de xardíns, pasos de peóns, medianas das calzadas e zonas de paso de vehículos de emerxencia.

Así, co fin de racionalizar o uso das áreas de estacionamento con control de acceso das que dispón a Universidade nos seus Campus, e co propósito de dar solución á preocupante degradación das condicións do uso que comprometen seriamente a seguridade, danan a convivencia e poñen en risco a continuidade da habilitación dos recintos, o Consello de Goberno, na súa xuntanza do 28 de febreiro de 2019, acordou aprobar o seguinte Regulamento da Universidade de Santiago de Compostela sobre o uso dos espazos de aparcamento restrinxido dos campus da Universidade.

Primeiro. Obxecto: O obxecto deste Regulamento é racionalizar as zonas de aparcamento con control de acceso xestionadas pola USC.

Segundo. Acceso ás zonas de aparcamento: Sen prexuízo dos sistemas mecanizados mediante lectores, para o acceso a estes aparcadoiros será preciso identificarse tanto na entrada ao recinto como na saída cos elementos identificadores fornecidos pola universidade: TUI, tarxetas temporais ou calquera outro elemento que a universidade estableza.

Terceiro. Horarios: Con carácter xeral, o horario de utilización dos aparcadoiros será de **06:00 a 24:00** horas, durante todos os días do ano. No aparcadoiro do edificio CIBUS, o horario restrínxese á apertura e peche do edificio, agás autorización individual, motivada e expresa, por parte da dirección do CIBUS.

Por causas debidamente xustificadas, e excepcionalmente, o órgano que asuma as competencias en materia de aparcadoiros poderá autorizar o seu uso en horario ampliado e polo período de tempo que sexa necesario en función da causa que xustifique a autorización.

Cuarto. Persoas autorizadas: O uso dos aparcadoiros queda restrinxido ao persoal autorizado. Esta autorización é persoal e intransferible, polo que queda expresamente prohibido o uso dos elementos identificadores para acceder ás zonas de aparcamento por persoa distinta do seu titular.

Con carácter xeral teñen dereito ao uso dos aparcadoiros as persoas con identidade universitaria encadrada nas categorías de:

1. Persoal docente e investigador (PDI), persoal investigador e colaboradores/as docentes
2. Persoal de administración e servizos (PAS)

3. Membros do Consello Social da USC que non estean incluídos nos supostos anteriores.
4. Calquera outra persoa autorizada motivadamente polo órgano competente en materia de aparcadoiros.

Quinto. Usos inadecuados: O uso inadecuado dos espazos de aparcamento ou dos elementos identificadores que permiten acceder a eles implicará a amoestación ou privación temporal ou definitiva do acceso a estes espazos.

Considéranse usos inadecuados os seguintes:

1. A cesión onerosa do elemento identificador que dá acceso aos aparcadoiros.
2. A cesión gratuíta do elemento identificador que dá acceso aos aparcadoiros, agás que se obteña a oportuna autorización do órgano que asuma as competencias en materia de aparcadoiros.
3. O estacionamento en lugares non habilitados para o aparcamento ou reservados para outros colectivos ou funcións.
4. A utilización dos estacionamentos con fins distintos ao desenvolvemento da actividade universitaria.
5. Non respectar as normas vixentes en materia de tráfico dentro dos aparcadoiros.
6. O incumprimento do horario.
7. A inobservancia das indicacións dadas polo persoal do servizo de seguridade da USC.
8. Non identificarse á entrada ou á saída do aparcadoiro.

Tendo en conta os usos inadecuados referidos nos puntos anteriores, a privación do acceso aos espazos de aparcamento terá a seguinte duración:

1. No caso do uso recollido no punto 1, a privación será definitiva.
2. No caso dos usos recollidos nos puntos 2, 3, 4 e 5 a privación será por un período de tres meses dende que se coñeceu o uso inadecuado.
3. No caso dos usos recollidos nos puntos 6, 7 e 8 daráselle unha chamada de atención ou amoestación á persoa responsable do uso inadecuado coa finalidade de que non se volvan producir os feitos. Se este aviso non é atendido, produciase unha privación do acceso aos espazos de aparcamento por un período dun mes.
4. Por motivos funcionais ou de seguridade, a USC poderá retirar os vehículos aparcados en zonas prohibidas ou non destinadas a tal efecto, así como comunicar aos servizos municipais a infracción para que estes procedan, de ser o caso, á retirada do vehículo. Tanto os gastos de retirada dos vehículos como os custos asociados ao depósito correrán por conta dos titulares dos vehículos mal aparcados.

Sexto. Persoal de seguridade: Coa finalidade de garantir un uso adecuado dos espazos de aparcamento, autorízase ao persoal de seguridade da USC para comprobar a identidade da persoa que usa a tarxeta solicitando a exhibición do elemento identificador de acceso, e para controlar en calquera momento a correspondencia entre o titular dunha autorización e a persoa que utiliza os espazos de aparcamento restrinxido da USC. Autorízase tamén para efectuar o

control das condicións de uso destes espazos e para realizar as comunicacións que se consideren oportunos respecto deste control.

Sétimo. Responsabilidade: A USC non se fai responsable dos danos que poidan sufrir os vehículos, causados polo propio usuario ou por terceiros, nin dos obxectos depositados no seu interior, durante o tempo que permanezan nos espazos de aparcamento restrinxido. A autorización de uso destes espazos non constitúe un contrato de depósito entre a USC e os usuarios autorizados.

Este Regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no taboleiro electrónico da USC trala aprobación polo Consello de Goberno.

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/03/2019 18:21:04.

Asinante/Firmante/Signer: DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 07/03/2019 11:16:13.

CSV: F7F1-998C-4156-91CD